



COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

RESEÑA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

O pasado sábado 21 de setembro celebrouse a reunión da Xunta Directiva do Comité Galego de Xuíces en Santiago de Compostela, a partir das 16:00 horas.

Entre outros, os temas tratados foron os seguintes:

- Minuto de silencio en lembranza de Francisco Javier Guijarro, xuíz nivel 3 de A Coruña e Membro da Xunta Directiva do CGX, falecido recentemente.
- Informe do Presidente do CGX, sobre o desenvolvemento do que vai de tempada e as novas da reunión da Comisión Delegada que afectan ós xuíces.
- Campionato de España Absoluto de Pista Cuberta 2020:
 - Aprobouse o procedemento para a elección dos xuíces que formarán parte do xurado do Campionato de España Absoluto de Pista Cuberta.
- Seminarios do CNJ de próxima realización en Galicia:
 - Comentáronse os criterios para a selección de alumnos para o curso de Dirección Técnica que se vai desenvolver en outubro de 2019
 - Comentouse a intención de solicitar un curso de Marcha para febreiro de 2020.
- Exames de ascenso a Xuíz Nivel 1, e sede dos exames de ascenso a Xuíz Nivel 2 e Nivel 3:
 - Aprobouse o cambio de sede do exame de Nivel 1 de Pontevedra (CGTD) a Ourense (Expourense).
 - Se informa que foi solicitada unha sede para o exame de Xuíz Nivel 2 e Nivel 3 tamén en Expourense.
- Entrega Placa Ramón Docal 2018:
 - A entrega da Placa Ramón Docal 2018 se realizará na Final da Liga ABanca que se celebrará en Expourense no mes de decembro.
- Placa Ramón Docal 2019:
 - Tras realizar as votacións, a placa Ramón Docal 2019 foi concedida a Fermín Bescansa Hernández, xuíz autonómico de A Coruña.



- Mellor Xuíz do Ano 2019 e Mellor Xuíz Novel 2019 da RFEA:
 - Despois da votación, a Xunta Directiva presentara como candidato a Mellor Xuíz Novel 2019 da RFEA a David Ferrer Fernández (xuíz nivel 2 de Pontevedra).
 - Despois da votación, a Xunta Directiva presentara como candidato a Mellor Xuíz 2019 da RFEA a Manuel Garrido Toro (xuíz nivel 3 de Ourense).